

O campo de fútbol de Covelo será o Amable Ramón Martínez Vidal "Moncho"

Páxina 7

Un podcast en galego contará a historia do Balneario de Mondariz

Páxina 8

Ruta de petiscos en Mondariz

Páxina 8

A Cañiza concede as parcelas de Oroso

Páxina 9

A licitación a restauración do Templete de San Luis no Porriño

Páxina 11

Mos duplica os traballadores do seu GES

Páxina 13

O Goberno de Salceda pide "prudencia e rigor" no tema do catastro

Páxina 14

Rehabilitación do Convento de Santa Clara

Páxina 15



O GDR Condado Paradanta participa no proxecto europeo EC4RURAL

Páxina 10

Ponteareas homenaxea a Alfonso Quinteiro ao longo de 2024





Del 7 de enero al 3 de marzo

Rebajas

55%

pikolin



euronics

Hecho para ti

Plan renove



pikolin

LOS Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4
PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Ano novo, eleccións á vista, vida nova?

O de novo é unha verdade coma un templo; o de eleccións á vista tamén; o de vida nova xa é outro cantar.

Nos últimos anos espertamos con novas noticias sempre referidas a guerras ou abusos dos máis ricos sobre os máis pobres. Os avances científicos, que os hai, non están pensados para que sexamos máis felices, en tal caso para que duremos mais tempo pero non para que disfrutemos máis da vida.

Aí temos aos “nosos amigos” os grandes bancos. Entre os cinco máis grandes dinnos que só gañaron 26.000 millóns de euros o pasado ano; só un 27% mais que no ano anterior. Mais ou menos como cada un de nós. Ana Botín do Santander dixo que o pasado ano fora bo pero que este aínda vai ser mellor. Só ten unha queixa que facer: o goberno actual quere cobrarlle o 3% desas ganancias e iso parécelle un abuso. Iso dos impostos queda para os currantes que non sabemos que facer cos cartos. A min, por exemplo, descóntanme un 21% dunha mísera pensión, pero a Sra. Botín non se lle pode cobrar ese 3% porque lle desestabiliza as súas contas.. aínda que ese imposto sexa só sobre os grandes beneficios. O seu banco tería que pagar sobre 338 millóns de euros, que para esta señora é unha barbaridade. Para que se fagan unha idea en que campo de xogo se moven estes/as banqueiros: o presidente de CaixaBank, José Ignacio Goirigolzarri vai triplicar o soldo este ano; dos 500.000 euros que cobrou no ano 2020 en Bankia vai pasar a cobrar este ano 1,66 millóns de euros. Claro que ten que despedir, que o vai facer, a 7.790 traballadores que irían ao paro e cobrarían con sorte pouco mais

de mil euros, pero iso non é un problema deste banqueiro simpático e amable.

Os políticos téñenos entretidos coa famosa amnistía. Algo así como a noticia máis importante das nosas vidas sen a que non poderemos seguir vivindo, entre outras cousas porque España, esa España grande e libre que algúns lembramos dos nosos tempos mozos, vaise romper. O conservadores quereña conservar intacta, tal como nolo deixou Franco. Eles son os defensores das esenciais puras do nacionalismo patrio. Nós somos uns atrevidos rompedores de patrias que so queremos andar en leas e desestabilizar o País.

O Presidente do goberno, un tal Pedro Sánchez, que teñen apaleado, en forma figurada, insultado, en forma real, e lle din de todo está pillado entre os conservadores de España e os que din que España lles trae ao pairo. Non sabe a que aterse. Se lle fai caso a Feijóo ten que pasar á Oposición; senón lle fai caso ten que sufrir os delirios de grandeza de partidos cataláns que pensan que todo campo é ourego e non lles importa que pase co goberno actual.

Amnistías. Palabra demonizada que está en boca de todos aínda que poucos se enteran de que estamos a falar. A historia de España está chea de amnistías. Dende as amnistías do Trienio constitucional para paliar a represión de Fernando VII durante o primeiro período absolutista; os 2 decretos que ditou a viúva deste gobernante en outubro de 1832 e febreiro de 1833 ; o Abrazo de Vergara que comportaba unha amnistía para os alzados carlistas; a amnistía que ditouno goberno de Joaquín María López para os fugados tralo intento de secuestro da Raíña Isabel II en outubro de 1842, ata a amnistía en tempos do goberno

provisional da República, a lei que ditou para liberar aos sublevados de 10 de agosto de 1932 e, por último, a que se ditou en 1977 dirixida por igual as vítimas do franquismo e aos seus represores. Só a ditadura Franquista non ditou amnistías; deu no seu lugar cicateiros indultos para baleirar as prisións porque xa non tiña onde meter a tantos cidadás que foran detidos polas súas ideas políticas. En Francia o Xeneral De Gaulle amnistiou aos terroristas da OAS e o mesmo fixo o goberno británico tralos acordos de paz de Irlanda.

Esta información debería facer reflexionar a tantos “españolitos de boa fe”, remedando a Miguel Hernández, aos que lle están comendo o coco dicindo que esta amnistía que pretende conceder este Goberno é unha aberración xurídica, un erro político.

A dereita bufa contra as amnistías políticas pero non así contra as amnistías fiscais concedidas polos gobernos conservadores. En 2012 con Mariano Rajoy no goberno, o ministro Montoro concedeu amnistías aos ricos, aos que tiñan a pasta fora do País e non cotizaban por ela. Claro que esas medidas de gracia eran para os ricos porque os traballadores ou funcionarios que carallo ían ter no estranxeiro. En fin, que aquí os de sempre, tomando medidas de sempre para amparar as falcatuadas dos seus. Logo cando un goberno se lle ocorre tomar unha medida deste tipo pata tentar apaciguar unha zona do Estado tan importante como Cataluña entón bótanse as mans á cabeza e utilizan todos os mecanismos ao seu alcance para que fracase.

Pero estamos en campaña e algo teremos que dicir sobre o particular.

Para comezar amosar a miña estrañeza sobre como os dirixentes da TVG fixeron o

reparto entre os partidos que se presentan. De entrada vai dedicar o 50% menos de audiencia que en outras eleccións semellantes. Curiosamente a VOX, partido co que os populares gobernan en montón de sitios, apenas lles dedica tempo. Terá isto algo a ver con que esta opción política poderá rabuñarlles un cantos miles de votos que irían ao PP e que poderán facerlle perder a maioría? É só unha hipótese pero ten mostras de ser acertada. Porén, sí lle dedica tempo a Podemos a e Sumar esperando, pensamos nós, que os votos que estes partidos poidan coller son votos que non van parar ao BNG, a “besta negra” que os populares teñen enfronte.

O mesmo están facendo os grandes medios escritos. Días pasados un xornal galego de grande tirada dedicaba dúas páxinas enteiras a Podemos. Algo raro para un partido que apenas ten presenza nesta comunidade; sen embargo aos socialistas e ao BNG apenas lle dedicaba nese mesmo número un cuarto de páxina a cada un deles.

Para o PP o que lle vai ben é a abstención. Canto maior sexa, mellores resultados colleita. Se aos galegos se se lles ocorre ir a votar en masa, o PP ten perdida a Xunta. Isto non o dicimos por dicir. Está demostrado como durante os últimos anos de eleccións canto maior foi a abstención mellores foron os resultados dos populares.

Nos debates electorais que vimos de presenciar estiveron os tres grandes: PP, PSdeG-PSOE e BNG acompañados por Podemos e Sumar, pero non houbo lugar nin para VIOX nin para Democracia Ourensana. Curiosamente os dous partidos que lle poden restar votos aos populares. Tanto Sumar coma Podemos terán 5 minutos de

Continúa na páxina 8...

ASADOR
BRASEIRO

PONTEAREAS
 Avda. de Galicia, 25
 986 958 003 - 683 196 555

BRASEIRO
Burgers

Paseo Matutino, 2
 886 216 626 - 604 007 103

CENTRO VETERINARIO PONTEAREAS

Rúa dos Nardos, 14 - baixo A
 36860 PONTEAREAS
 info@cvponteareas.es

☎ 886 21 61 51
 URX. 603 61 02 23

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T.658 58 50 49
 guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
 cursosespanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
 x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Xunta e Concello asinan o convenio do novo centro de saúde

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a alcaldesa de Ponteareas, María Nava Castro, acompañados polo delegado territorial da Xunta, Agustín Reguera, e polo xerente da área sanitaria de Vigo, Javier Puente, asinaron un convenio de colaboración que permitirá a construción dun novo centro de saúde en Ponteareas.

Culminase así o trámite de colaboración, logo de que en setembro de 2023 fose asinado un protocolo de colaboración co Concello de Ponteareas, co obxecto

de darlle a seguridade xurídica suficiente para poder levar a cabo a adquisición das parcelas para a construción do novo centro de saúde, o que xa fixo a través da compra de dúas parcelas situadas enfronte do CEIP número 3.

O plan funcional que a Xunta se compromete a desenvolver para o novo centro de saúde contempla un inmovible de máis de 5.000 m², o que supón un incremento de superficie de case o 80% respecto dos 2.830 m² do actual centro, o que permitirá, por exemplo, integrar no novo edificio a base do 061.

BNG: "o PP apura o 'pelotazo'"

O BNG reaccionou á sinatura do convenio entre o Concello de Ponteareas e a Xunta de Galiza para a construción do novo centro de saúde.

"O PP segue burlándose das e dos ponteareáns. Utilizan o novo centro de saúde como propaganda electoral e como distracción para ocultar a súa política de desmantelamento da sanidade pública. O novo centro de saúde construírase nun espazo con vínculos familiares coa concelleira do PP Raquel Plana, despois de que o



Concello comprara uns terreos situados na contorna dunha clínica privada coa que ela garda relación directa. Poñen este trato de favor por diante das análises realizadas polo propio equipo técnico da Xunta que valorou como máis idónea unha parcela na N-120

que saía gratuíta ao Concello. A desvergoña do PP non ten límites", sentencia o BNG.

A formación nacionalista achacou as présas do PP aos "nervios ante a posibilidade real de cambio no goberno da Xunta a partir do 18 de febreiro".

Un 2024 para homenaxear a Alfonso Quinteiro

O Concello vén de iniciar a conmemoración do centenario do nacemento de Alfonso Quinteiro coa presentación do libro no que o escritor Manrique Fernández afonda na figura do artista local na que interviron a Alcaldesa Nava Castro, Ricardo González, edil de Ensino, Pilar Quinteiro, unha das fillas do artista e Antón Castro, escritor e prologuista xunto con Manrique

da obra Alfonso Quinteiro, un talento na sombra.

Entre as actividades destacan o 24 de febreiro unha visita guiada pola exposición da obra do autor; o 21 de marzo un contacontos sobre o artista; os días 25 de abril e de maio, respectivamente, obradoiros de pintura e plastilina; o 28 de xuño a exposición de escultura de Alfonso Quinteiro; o 24 de xullo un concurso de foto-



grafía; banda deseñada o 22 de agosto; certame infantil de redacción sobre o escultor o 26 de setembro; o 5 de outubro celébrase unha exposición sobre a pintura do artista local; e o 28 de novembro desenvolverase unha con-

ferencia sobre o autor.

O edil Ricardo González salientou que Quinteiro "formou parte das iniciativas relacionadas coa arte que se desenvolvían no municipio. como a III Exposición de Arte Local en 1949 e en 1956 os

monumentos que homenaxean aos tamén ilustres Gabino Bugallal e o compositor Reveriano Soutullo". Pola súa banda a Alcaldesa Nava Castro reproduciu o pregón ofrecido por Alfonso Quinteiro nas festas do Corpus Christi do 2007.

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE
Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

Moda - Decoración
Complementos
ROMERO
desde 1890
Constitución, 3 - PONTEAREAS
☎ 986 640 008

CRISTALERIA
CONDADO S.L.
Derivados do Vidro
AVDA. DE CASTELAO, 9
36860 PONTEAREAS
(Pontevedra)
Tlf.: 986 66 16 42
crista@cristaleriacondado.com

SAUDADE
Café - Bar
LAVAZZA Mahou
Reveriano Soutullo, 3 - 36860 PONTEAREAS

acero plus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB
☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68
Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

ALONG GROUP
- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.
Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 135 341 / 695 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

"Mentes Novas" estará no Consello Estatal da Infancia e da Adolescencia

O grupo de participación xuvenil do Concello, Mentes Novas, consegue representación no Consello Estatal da Infancia e da Adolescencia. Unha das súas integrantes, Uxía, obtivo a valoración positiva dun xurado formado por traballadores do sector público e de entidades cuxa actividade céntrase no desenvolvemento dos dereitos da infancia e incorporárase a este órgano permanente de consulta. O ente está adscrito ao Ministerio de Infancia e Xuventude.

Deste xeito, Uxía trasladará ás administracións públicas as inquietudes da mocidade da vila. O obxectivo é que se teñen en



conta á hora de redactar e elaborar as leis. Para iso, participará activamente nas asembleas deste organismo dependente do Goberno

central durante un período de, como mínimo, dous anos, que poderá renovar ata completar un total de catro.

Maderas Hermanos Castro recibiu as visitas do BNG e da Xunta

Luis Bará (BNG) deputado ante o Parlamento galego e cabeza de lista electoral pola provincia de Pontevedra para as eleccións autonómicas visitou a empresa "Hermanos Castro" en Ponteareas para apostar por un novo modelo de produción forestal. Bará eloxiou o traballo desta empresa na "transformación da madeira na produción local" exaltando como un "exemplo do potencial do noso sector forestal".

Días despois tocoulle a quenda ao director da Axencia Galega da Industria Forestal da Xunta, Jacobo Aboal, quen visitou esas instalacións para tamén salientar o papel innovador e a aposta



pola modernización que desenvolve esta empresa familiar con case catro décadas de experiencia, así como o seu compromiso coa diminución da pegada de carbono

e a utilización de madeira local. Aboal puido coñecer a liña de produción de viga laminada de piñeiro galego grazas ás achegas da Axencia.

Reformas no Parque da Perillana



O Concello iniciou as obras para acondicionar o parque infantil da Perillana coa substitución do chan e o peche perimetral e o arranxo de

distintos elementos de xogo. O recinto permanece agora precintado durante tres semanas para garantir o correcto desenvolvemento das actuacións na zona.

Recuperación da Ponte de Fontenla



O Concello recupera a ponte situada na parroquia de Fontenla, un dos elementos patrimoniais da vila que na actualidade presenta un estado de deterioro por mor dos temporais que rexistrou o municipio o pasado mes de xaneiro de 2023. A actuación conta cunha subvención da Deputación de Pontevedra.

As obras que posibilitarán

restablecer a estrutura da ponte xa comezaron e terminarán, segundo o calendario previsto, antes de que finalice este ano 2024. A actuación foi adxudicada a unha empresa local por un valor de 50.795,8 euros. A intervención consiste, principalmente, na restitución do tramo da ponte que se desprende e que provocou a caída de diferentes árbores.



PONTEAREAS

Novo convenio de 320.000€ para os GES

A concellería de Seguridade que dirixe o tenente de alcalde Juan Carlos González, aumenta a capacidade de atención do Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) de Ponteareas grazas a un novo convenio entre a administración local, a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

O acordo permite aumentar o orzamento destinado a este servizo en 165.000 euros, situando a cifra total en 320.000 euros e ampliar ata 17 o número de efectivos do GES.

O GES de Ponteareas atende as emerxencias que se producen na



vila e tamén aquelas que se rexistran en municipios da contorna como Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves e Salvaterra de Miño.

Ao longo do ano, os profesionais do servizo realizan máis de 800 intervencións vencelladas a distintas situacións de emerxencia.

Concello e Plataforma de Afectados presentarán alegacións pola N-120

O Concello consensúa coa plataforma de persoas afectadas as alegacións que se presentarán ao proxecto de mellora da seguridade viaria da Nacional 120 do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. O equipo de goberno liderado por Nava Castro mantivo unha reunión cos veciños e coas veciñas

o pasado 19 de xaneiro na que comprobaron que o documento inclúe a expropiación de dúas vivendas, unha delas habitada por unha familia.

O goberno municipal e os membros da Plataforma examinaron o documento que vén de publicar o Goberno central no Boletín Oficial do Estado e acordaron pre-

sentar diversas alegacións. O obxectivo é impedir que se leve a cabo a demolición da propiedade que está habitada por unha familia así como buscar unha solución que garanta a execución das obras que dan resposta ás demandas dos veciños e das veciñas das parroquias polas que discorre a estrada.

O Concello aposta polos vehículos eléctricos

O Concello opta a recibir unha subvención europea destinada á instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos no municipio. A administración local xa presentou a documentación necesaria no Instituto Enerxético de Galicia, da Xunta, que concede estas axudas a través dos fondos de recuperación da Unión Europea.

Contempla así instalar catro

puntos de carga na contorna da casa consistorial. Dous deles na rúa Concha Brey e outros dous na rúa Rogelio Groba.

Estas subvencións forman parte do Programa MOVES III da Unión Europea e teñen como obxectivo incentivar a mobilidade eléctrica. Trátase dunha liña de axudas de concorrencia non competitiva, que xestiona a Xunta de Galicia, cuxo prazo mantense aberto ata xullo deste ano.

PSOE: "o goberno de Sánchez mellorará a seguridade vial na N-120"

O Ministerio de Transporte somete á exposición ao público, durante 30 días hábiles, a modificación do proxecto de mellora da seguridade vial na Nacional 120 ao seu paso polas parroquias de Xinzo, Areas e Arno-

so. O PSOE de Ponteareas agradeceu así ao goberno de Pedro Sánchez, ao recén nomeado Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel Losada, "quen se interesou dende o primeiro momento polo proxecto da Nacional 120" así como á Plataforma e o conxunto de veciños e veciñas.

ellos
moda hombre

PONTEAREAS
C/ Amado Garra, 15
Tlf.: 986 64 41 16

By
Barriguiñas
Especialista en
Ceremonia infantil, arras,
comunión e bautizo

627053847
María Garrido Carballido
Rúa Castañal 14, local 4. PONTEAREAS

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

IRIS
COLOR

Paseo Alutillas, 2. 986 660 379 - 688 571 679. Ponteareas
Villanueva, 16. 986 651 145 - 629 366 364. A Coruña

LOVECARS
www.lovecars.es

CONDADO/PARADANTA

BNG Ponteareas: "incrementaremos o investimento en educación até un 7% do PIB"

A deputada e candidata do BNG nas vindeiras eleccións galegas, Cristina Fernández Davila, mantivo un encontro con representantes da comunidade educativa de Ponteareas no que trasladou o compromiso do BNG de "renovar as instalacións dos colexios" especialmente en parroquias como Guláns e Santiago de Oliveira e "ampliar aquelas que a día de hoxe non teñen espazo para albergar ximnasio ou comedor" en caso de chegar Ana Pontón á presidencia da Xunta.

Fernández destacou que o BNG propón incrementar o investimento público en educación até un 7%



do PIB, e deu a coñecer outras propostas do Bloque nesta materia, como recuperar a gratuidade dos libros de texto, garantir a igualdade de oportunidades e a

atención á diversidade en todas as etapas ou un plan integral do ensino no rural, garantindo os mesmos servizos e medios que nos centros urbanos.

Novo contrato para subministro eléctrico

O pleno municipal deste 30 de xaneiro adxudicou a subministración do servizo eléctrico por un importe que ascende aos 825.000 euros. A duración do contrato é dun ano. Ademais, se aprobou o último tramo do plan de pagos que posibilita finalizar coa débeda contraída neste servizo durante o ano 2022.

Na cifra dos 825.000 euros, inclúese a custe de electricidade dos edificios que dependen da administración local así como do alumeadado público. Ademais, a empresa adxudicataria deberá facer un exame exhaustivo sobre

o consumo co obxectivo de mellorar as potencias das instalacións municipais.

O pleno da corporación municipal aprobou (coa excepción da abstención de PC) a aprobación do recoñecemento extrajudicial de crédito. O Concello salda así a débeda de 180.856 euros que o anterior executivo local acumulou durante o ano 2022, e ademais amortiza as cantidades pendentes no exercicio 2023. Durante os próximos dous meses, a administración local abonará as últimas cotas do plan de pagos que ascenden a un total de 71.753 euros.

A Praza de Abastos converterase en biblioteca

O Concello asinará un convenio co Colexio de Arquitectos de Galicia que estipula a apertura dun concurso para elixir a mellor proposta para converter a actual Praza de Abastos nunha Biblioteca Municipal, unha vez o Mercado Municipal se traslade á nave de Aceros do Tea. Os traballos de adecuación destas instalacións deberán estar executados antes de finalizar o 2024.



Comparsas do Entroido e cartaz do Corpus

O Concello informou que o 6 de febreiro finaliza o prazo para a inscrición das comparsas do Entroido con grupos formados por, como mínimo, 25 persoas e que actuarán o domingo 11, o martes 13 e o mércores 14 durante o Entero da Sardiña. O Entroido en Ponteareas comezará o ven-

res 9. O luns 12 habrá concurso infantil de disfraces na Praza Maior.

Por outra banda o Concello tamén informou que o prazo para presentar as propostas para o cartaz do Corpus Christi finaliza o 8 de febreiro. O certame está dotado cun premio de 1.000 euros.

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**TALLER
SALÓN**
Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriatallermt@gmail.com

mifollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
mifollas@mundo-r.com

**A CASA
da TRIGA
RESTAURANTE**
Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h
Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS
Non pechamos
cocina
PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS
☎ 667 40 19 07
www.pontecamper.com

**Bicimecánica
Toñi Porto**
Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h
Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

Reforma integral na contorna da igrexa de Prado da Canda

O alcalde de Covelo, Pablo Castillo, informou que comezaron as obras de mellora da contorna da igrexa de Santiago en Prado da Canda cun custo de 197.302€ que serán financiados con fondos propios a través do Plan Concellos 22/23 na actualidade +Provincia da Deputación de Pontevedra.

O actual asfalto será substituído por pedra co obxectivo de embelecer a zona e potenciar o seu atractivo. Ademais, as obras abordarán o saneamento en dous ramais da Aldea de Abaixo e a canalización das recollidas de auga pluviais.



As obras complétanse coa instalación de novas barandas, pasamáns e rodapés. Tamén se contempla a

colocación de bancos de granito silvestre e sinalización de limitación de velocidade a 30km/h.

O campo de fútbol de Covelo será o Amable Ramón Martínez Vidal "Moncho"

A Corporación Municipal do Concello de Covelo acordou por unanimidade cambiar o nome do campo de fútbol que dende este último pleno xa leva o nome de Amable Ramón Martínez Vidal "Moncho", pola súa longa traxectoria na dirección, organización e funcionamento do Club de Fútbol Covelo dende a súa creación en 1986.

Os fitos máis importantes da historia do campo de fútbol de Covelo levan o nome de Moncho que sempre estivo pendente na procura de melloras. Estivo presente nas primeiras obras de construción do actual campo realizadas no ano 1984 e dende aí actuou como o grande protector non dei-



xando que o tempo pasara por el.

Con el sempre presente realizouse a primeira ampliación do terreo de xogo nos anos 90; a construción dos aseos para o público no ano 2001; a mellora dos

vestiarios, grada e cantina no ano 2010; a instalación do céspede artificial, novos vestiarios e iluminación no ano 2014 e o acondicionamento de cantina en sala de oficinas no 2022.

Covelo e IEA Val do Tea unidos no fomento da lectura



A dirección do IES Val do Tea de Pontearreas, centro de secundaria de referencia para o alumnado de Covelo, visitou a biblioteca pública municipal para facer entrega dun importante número de libros de lectura. A concelleira de Emprego e Formación, Lourdes Enes, recibiu esta doazón que permitirá deseñar accións coas que achegar a lectura á poboación.

Dende principio do curso 2023/24 o centro educativo e o Concello colaboran estreitamente no fomento do hábito da lectura

e tamén en facilitar o acceso aos libros obrigatorios nas materias de lingua castelá e lingua galega na ESO e bacharelato. O director, Miguel Antón Rodríguez Leborán, e a xefa de estudos, M.^a Isabel Calvelo Bellón, acompañados da concelleira de Formación visitaron o CEIP Antonio Blanco Rodríguez para presentarlle ao alumnado de sexto de primaria os servizos do instituto e convidalos a visitalo nunha xornada na que estarán guiados polo alumnado de primeiro da ESO e docentes do centro.

Cobertura da pista de pádel



O Concello cubriu a pista deportiva de pádel ubicada dentro do recinto do CEIP Antonio Blanco Rodríguez de uso compartido para poder practicar esta especialidade

deportiva durante todo o ano.

Esta intervención ten un custo de 48.294,25€ dos que a Xunta de Galicia achegou 26.832€ aportando o Concello os restantes 21.462,25€.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixatlantico.com

ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

El Escondite de Montse
Plaza Mayor, 7 Bajo - Tel: 973260118 - PONTEAREAS
SIGUENOS EN Facebook EL ESCONDITE DE MONTSE

Copos
Cafetería
Terraza - Xardín
Discoteca
Concertos
Avda. Galicia
Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

A historia do Balneario de Mondariz, nun podcast en galego

Balneario de Mondariz creou un podcast, inicialmente de cinco capítulos de 30 minutos cada un, para dar a coñecer ás novas xeracións a historia de tres séculos termais que o converteron nun referente europeo. Un proxecto das xornalistas Roser Carrera e Ana J. Pastor, creadoras do podcast "Conversas ás toas", que se basea as vivencias dunha escritora, Otilia Casanova, que, na época dos felices anos 1920, trasládase á vila termal onde deixou oculto un misterio.

"Conversas ás toas" conta cunha periodicidade de cada tres semanas, imaxe gráfica de Alfonso Marcet, e unha difusión nas principais plataformas e agregadores (Spotify, Ivoox, Google Pódcast,



Amazon Music...) Os capítulos comezan co "A secreto da auga", para continuar con "Os amores secretos", "A beleza dunha burbulla" e "Xogo de pelotas".

"A Flor da auga" ten como sintonía o tema "Eppur se muove" e refachos extraídos do tema "Planetesimal", ambos os do álbum "Mãe", de Quico Comesaña, Premio Martín Codax da Música 2023.

Ademais, incorpora o tema "Ausencia", de Eugenia Osterberger, interpretado por Ana Pastor e Lucas Villar e transformado en son de caixa de música, que se converte en momentos musicais moi característicos. Ademais, os sons de auga e natureza gravados no Balneario de Mondariz tamén nos trasladan á Galicia de principios do Século XX.

Ruta gastronómica con 'Mostra de Petiscos'



O Concello de Mondariz Balneario, xunto co seu sector hostaleiro, desenvolverán do 2 ao 4 de febreiro unha iniciativa turística da zona e da marca Mondariz Balneario mediante a elaboración dunha ruta gastronómica de degustación de petiscos.

Organizada polo Concello participan os establecementos Atalaya, Boas Migas, Mixturas, Regato de Valdecide, Simoneta, Yago's. Colaboran Adegas Galegas, Aguas de Mondariz, Balneario de Mondariz, Adegas Galegas e apoian a iniciativa Bar Cafetería Lourdes, Chocolat, Carnes o Galego, Estación servicio Mondariz, Gala Termal, Farmacia

Balneario, Hotel CEMAR, Peluquería as Camelias, Mercaplus Balneario, Lavandería Puma Clean Mondariz Balneario, Lapidio y asociados. Real estate investment group, La del Río, Las Colonias.

En canto aos premios serán tres selos: Dous libros de "Mondariz en los textos de Emilia pardo Bazán. Antoloxía editado por GALAXIA; catro selos: Un bono Comercio valorado en 30 €, unha cesta de Don Pedro; cinco selos: Cinco entradas dobres para o Pazo a Auga de Mondariz-Balneario; seis selos: bono para unha cea nos establecementos participantes, valorada en 60 €.

... Ven da páxina 2.

Continuación do Editorial

entrevistas aínda que non teñen representación no Parlamento Galego; en os dous partidos terán un minuto mais que o candidato dos socialistas Besteiro con 14 deputados, e so un minuto menos do tempo que duraría a entrevista a Pontón con 19 deputados. Sen embargo Rueda, candidato popular, terá el soño 20 minutos de entrevista.

Isto é o que se chama en clave "pepera" unha filosofía de repartir e dar cartas marcadas, claro.

Esperamos que os galegos superen estes trucos dos que mandan e vaian a votar polos seus candidatos preferidos sen ter en conta estas trabas coas que se van, xa se están, atopando.

A votar e que Galicia gañe.

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

COMERCUCES Nº8 - MONDARIZ - T: 936 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Yago's

english pub

Mondariz- Balneario

Café Chocolat

Mondariz Balneario

O PP provincial reafirma os servizos sociais no Condado Paradanta

Un encontro en Ponteareas cos representantes populares das bisbarras do Condado e A Paradanta, o presidente do PP Provincial e da Deputación de Pontevedra, Luís López, confirmou a “forte aposta” do seu partido polos Servizos Sociais desde a Xunta de Galicia fronte “á pobreza social” dos modelos do PSOE e BNG.

Destacou a achega anual de 9,5 millóns de euros para programas como os novos Bonos Coidado, o de Fogar -cunha achega anual de 5.000 euros para persoas dependentes, o de complemento de Residencia -cifrado en 1.200



euros-, a gratuidade das escolas infantís, a Casa do Maior de Arbo, a accesibilidade ao transporte en Ponteareas, O Covelo e Crecente.

Moitas destas iniciativas xa están a beneficiar desde este mes de xaneiro a 857 veciños do Condado e A Paradanta.

Concedidas parcelas de Oroso a 629 propietarios



O Concello da Cañiza entregou os títulos de propiedade da parcela de Oroso a 629 propietarios, sendo dun total de 1.890 fincas que suman unha superficie de 740 hectáreas. Os novos títulos foron entregados

O Alcalde Luís Piña amosou a súa satisfacción por terse rematado esta concentración parcelaria, iniciada hai 34 anos e na

que o Concello tamén tivo un papel determinante no último mandato ao colaborar coa Consellería de Medio Rural para acelerar o peche do procedemento. Ademais o Concello conseguiu recopilar e actualizar os Documentos de Identidade de moitos dos titulares, necesarios para avanzar no expediente e, nestes últimos días, dar difusión á entrega que se está realizando.

Toma de contacto para a Eurocidade do Miño

Un acto presidido polo Presidente da Cámara de Melgaço, Manoel Batista e a Ministra de Cohesión Territorial do Goberno Portugués, Ana Mª Pereira Abrunhosa, o Alcalde da Cañiza Luís Piña asistiu como convidado para a inauguración do Parque de Nova Geração acompañado dos Alcaldes de Arbo, Crecente e As Neves. A visita serviu igualmente para coñecer os pasos que se están dando para a



a constitución da "Eurocidade do Miño" na que participan tódolos

Concellos anteriormente mencionados.

Comeza a tempada da lamprea en Arbo

Coa apertura da veda de pesca no Río Miño coas 270 ‘pesqueiras’ponse oficialmente en marcha a tempada da lamprea de Arbo. Este ano é a 64 edición desta Festa de Interese Turístico

Nacional a celebrarse entre o 26 e o 28 de abril, sendo tamén a pioneira das festas culinarias en Galicia e na que tamén estará a carpa de ‘Arbomostre’, feira agroindustrial e artesanal da Bisbarra.

O BNG da Cañiza impulsa a Casa da Xuventude

A responsable local do BNG da Cañiza, Trini Labaca, está a impulsar unha iniciativa que permita converter as antigas instalacións do GDR (Grupo de Desenvolvemento Rural) nunha Casa da Xuventude. Antes da pandemia había un espazo no edificio multiusos que non volveu retomar a actividade.

Esta proposta sería compatible con outros usos actuais ou fu-

turos de dito espazo, ademais saben que o GDR mudou a sede a outro edificio de titularidade municipal. Na Asemblea Local do BNG A Caniza, teñen debatido este tema e tamén a mocidade ten trasladado a súa inquedanza ao respecto. Segundo Labaca, dotar este espazo dunha actividade destas características, “non suporía un grande gasto para as arcas municipais”.

PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

+55
Pompas Fúnebres
del Condado
Gracias

CONDADO/PARADANTA

O GDR Condado Paradanta colabora no proxecto europeo EC4RURAL para ser parte activa da transición enerxética

O xerente da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta, Paco González, exporá na sede da FE-GAMP en Santiago de Compostela, o proxecto “Condado Paradanta Xera”, recollido na súa estratexia de desenvolvemento local participativa “Reverdecendo Condado Paradanta”. Farao na xornada que organiza o proxecto europeo EC4RURAL, liderado pola Universidade de Vigo e que busca impulsar comunidades enerxéticas en 22 concellos.

Nesta xornada o GDR Condado Paradanta afondará, xunto ao resto dos participantes, no plan de traballo inmediato para promover a participación rural na transición cara enerxía limpas a través de comunidades enerxéticas; coñecerá as iniciativas que se están promovendo e desenvolvendo e avaliará as posibles sinerxias que se poidan xerar entre o traballo do GDR e EC4RURAL.

A estratexia de desenvolvemento do GDR de cara aos vindeiros anos xa contempla ser parte activa da transición enerxética motivo polo que o xerente do GDR Condado Paradanta com-



partirá co público “Condado Paradanta Xera”, unha iniciativa que pretende dar un servizo á poboación facilitando o aforro enerxético e a implantación dunha economía verde de escala; fomentar a cultura da enerxía innovadora para crear un entorno medioambientalmente sostible e establecer canles colaborativas comunitarias coa fin de facer realidade a creación da primeira comunidade enerxética comarcal.

Ao igual que “Condado Paradanta Xera”, o proxecto EC4RURAL,

financiado polo Programa LIFE, busca afondar e transformar as relacións entre as autoridades locais e rexionais e as comunidades rurais para contribuír á transición enerxética limpa en Europa ao tempo que se garante a participación activa dos axentes locais, evitando que sexan deixados de lado nestes procesos. O proxecto garantirá que as comunidades rurais formen parte e se beneficien dos procesos da transición enerxética limpa fomentando a creación de comunidades enerxéticas

rurais para producir electricidade a través de paneis fotovoltaicos.

Nesta liña de traballo no pasado ano, o GDR Condado Paradanta organizou un ciclo de xornadas dando a coñecer o concepto de comunidades enerxéticas e modelos que se estaban a desenvolver.

A acción de EC4RURAL aborda o cambio nos comportamentos dos consumidores e empresas, para facilitar un maior diálogo e investimento conxunto dos actores públicos e privados (inalcanzable a nivel individual), tal e como

establece o Pacto Verde Europeo. O proxecto tamén contribuirá ao desenvolvemento rural dentro da nova Política Agraria Común, así como ao Pacto Rural Europeo e á Política de Cohesión Territorial.

EC4RURAL porá en marcha este novo cambio de paradigma a través de 2 pilotos en Estonia e España, cun total de 34 casos de estudo en diferentes municipios rurais, co obxectivo de propiciar a replicabilidade, non só nas rexións participantes, senón tamén a nivel europeo, a través das actividades de comunicación, divulgación e explotación levadas a cabo coa rede de socios e colaboradores externos.

EC4RURAL reúne a un grupo de 10 entidades que compoñen un consorcio multidisciplinar situado en 3 países diferentes da UE (España, Estonia e Bélxica). O consorcio está liderado pola UVIGO e participan diferentes autoridades públicas locais e autonómicas, xunto con diferentes entidades capaces de proporcionar aos concellos, cidadáns e pemes o apoio necesario para desenvolver, implantar e controlar as comunidades enerxéticas rurais.



O PORRIÑO

O Concello humanizará o antigo Campo da Feira

A humanización do antigo campo da feira do Porriño, coñecido agora como Parque Infantil, será en breve unha realidade logo de dúas recentes licitacións de obras. O obxectivo é convertela nunha gran zona verde con arboredo, un espazo a modo de escenario e gradas e unha área de xogo infantil na que se inclúan chorros de auga, os primeiros no municipio, así como unificar a zona do parque con San Sebastián e a zona peonil de San Bieito”.

Para a realización desta obra que actualmente está en execución o Concello de Porriño e a Axencia de Turismo de Galicia asinaron un convenio de colaboración cun orzamento de 498.213,12 euros. A esta cantidade hai que sumarlle agora dúas novas inversións. Su-



poñen unha inversión total de 1.153.056 euros.

Por unha banda, a Xunta vén de sacar a licitación por 224.843,45 euros as obras de restauración do templete de San Luís, obra do arquitecto Antonio Palacios que foi acceso a primeira

liña da rede de Metro de Madrid e que se trasladou ao Porriño no ano 1970. Así mesmo o Concello sacaba a licitación, tamén nos últimos días, por 430.000 euros a obra de humanización da rúa Parque Infantil entre rúa Salgueiro e Avenida Domingo Bueno.

A licitación a restauración do Templete de San Luís

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades da Xunta de Galicia vén de sacar a licitación por preto de 225.000€ as obras de restauración do templete de San Luís, obra do arquitecto Antonio Palacios que foi acceso a primeira liña da rede de Metro de Madrid e que se trasladou ao Porriño no ano 1970. O prazo de presentación de ofertas remata o 5 de febreiro.

O templete foi construído en 1919 por Antonio Palacios para acceder á estación de Metro na Gran Vía en Madrid. Está incluído no proxecto que lle encargou en 1917 a Compañía Metropolitana e que comprendía o deseño e a decoración de todos os espazos interiores e exteriores da liña Sol-Ventas. A construción orixinal contaba cun ascensor no seu interior que quedou en desuso despois de colocarse as escaleiras mecánicas. Isto acelerou a súa desmontaxe en 1970 e posterior envío ao Porriño. Na actualidade está colocado no Campo da Feira.



Servizo pioneiro de atención cidadá nas parroquias



O Concello do Porriño presentou unha iniciativa innovadora a nivel estatal de atención cidadá a través dunha oficina itinerante que percorrerá mensualmente as sete parroquias e todos os barrios do Porriño ofrecendo un servizo integral de atención cidadá.

O obxectivo deste servizo é

“proporcionar unha cobertura completa ás diversas necesidades e demandas dos veciños e veciñas do Porriño, incluíndo temas relacionados con servizos sociais, atención ao cidadán, urbanismo, limpeza, obras públicas e saneamento”, segundo manifestou o Alcalde Alejandro Lorenzo.

Festival de Cans, un dos referentes culturais de Galicia



O Festival de Cans, cuxa XXI edición terá lugar do 21 ao 25 de maio, foi seleccionado no oitavo lugar como un dos referentes culturais de Galicia en 2023 por parte do prestigioso informe da Fundación Contemporánea, referencia da análise da cultura en España.

O Festival de Cans é único evento seleccionado que ten lugar nunha aldea e por segundo ano consecutivo foi seleccionado

entre os mellores eventos culturais celebrados en España nun entorno rural. Ademais xunto co Festival SinSal, o Festival de Cans é o único evento da provincia de Pontevedra que foi seleccionado neste ranking, no que a nivel estatal aparecen nos primeiros postos grandes institucións como o Museo do Prado, o Centro Reina Sofía o Museo Thyssen- Bornemisza ou o Festival de San Sebastián.

Bolboreta
TINTORERÍA & LAVANDERÍA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Gestor Ambiental y Técnico en Obras

Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasinga@hotmail.com

LOURIÑA

O PORRIÑO / MOS

Pontellas e Budiño contarán con dúas novas escolas infantís



O Porriño contará no vindeiro curso con dúas escolas infantís máis, que se suman ás outras dúas xa existentes, unha no casco urbano e outra en Torneiros. As novas localizaranse nas parroquias de Pontellas e Budiño e suporán unha inversión de máis de 1,4 millóns de euros.

A administración local vén de recibir unha subvención da Consellería de Política Social e Xuventude de 816.466 euros para

a creación de 132 prazas de Educación Infantil de 0 a 3 anos. A cantidade restante será do Concello con fondos propios.

Na escola infantil de Pontellas a proposta formula unha intervención respectuosa co edificio existente a través dun orzamento total de 641.784 euros. Pola súa banda a escola infantil localizada de Budiño será totalmente de nova construción cun orzamento total neste caso é superior ao anterior, chegando aos 760.182,50 euros.

BNG: "O PP pretende vender un Porriño de fantasía"



O voceiro do BNG Pedro Pereira criticou que "o PP sempre utiliza as institucións de xeito electoralista e partidista. Unha estratexia usada habitualmente polo Alcalde, moito anuncio, pouca realidade. Facer promesas agora despois de 15 anos de abandono total da Xunta é un insulto á cidadanía do Porriño".

Todo isto ante os recentes "anuncios grandilocuentes" do Alcalde Alejandro Lorenzo de que, proximamente, a Xunta creará

dúas novas escolas infantís no Porriño, así como un centro de día en Atios, unha residencia de maiores en Budiño, un refuxio para animais, un gran parque no río Louro, unha nova praza en Pío XII, melloras na Praza de Abastos ou un novo auditorio. "De momento ningunha realidade" afirmou Pereira, toda vez asegurou que "o PP ten medo a perder a Xunta e está instalado nunha campaña de propaganda política e mentiras".

O Porriño impulsa a súa axenda urbana

O Concello do Porriño avanza no deseño da súa axenda urbana como referencia para a planificación estratéxica dos próximos anos. Dentro desta estratexia atópase unha intervención global no barrio da Malladoura, que contempla varias obras de acondicionamento e humanización na contorna proxectadas para os próximos anos.

Tamén se contémpla nesta primeira

fase da axenda urbana a peonalización e construción de beirarrúas entre a rúa Lugo e a rúa Malladoura; a humanización da rúa Navuxil, con novas beirarrúas e mellora da calzada, nun tramo de 380 m que conecta o penedo da Malladoura coa travesía Antonio Palacios C; o asfaltado e mellora do saneamento da rúa Lugo e o proxecto de renovación da rede de pluviais que resolvería os problemas de auga na rúa Coruña.

Un millar de usuarios na Sala de Estudo



Con tres meses de funcionamento a nova sala de estudo do Porriño ten recibido uns 1.000 novos usuarios e usuarias rexistrados, unha asistencia diaria ás instalacións que supera os 150 accesos.

Este espazo está dotado con 80 postos

de estudo con conexión wifi e con un sistema de acceso libre y gratuito. Está aberta ao público todos os días da semana, en horario de mañá e tarde, con reforzo en época de exames. Para ser usuario só é preciso rexistrarse na Biblioteca Municipal.

Campaña sobre a nova Lei de Residuos

O Concello do Porriño levará a cabo ao longo deste ano unha campaña informativa para dar a coñecer á veciñanza a nova Lei de Residuos, a implantación e uso do novo colector marrón e outros recursos para a reciclaxe, a nova xestión dos biorresiduos a través do colector marrón e a

solicitude de composteiros.

Instalaranse mesas informativas na praza Arquitecto Antonio Palacios os días nos que se celebre mercado. Estas estarán disponibles os días 20 de xaneiro, 19 de marzo, 28 de maio, 30 de xullo, 24 de setembro e 26 de novembro.

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO
www.mimatesaludnatural.com
Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos: 662 41 57 56

Dietsana
DIEÉTICA Y SALUD Desde 1992
986 337 684 C/ Cando, 15 O PORRIÑO
986 642 719 C/ Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS
Avda. de Galicia, 4-1* info@academiatiempos.es
facebook. Tempos Centro de Estudios 675 088 316

MOS

Mos duplica os traballadores do seu GES

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro mosense de Emerxencias, Leo Costas, informaron da aprobación en Pleno Ordinario do Concello da adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Pontevedra, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, GES. Unha vez aprobada a adhesión ao convenio, iniciárase o procedemento de contratación dos novos traballadores.



Grazas ao devandito convenio o Concello de Mos ve duplicado o número de traballadores do servizo, pasando de 6 a 12, un aumento de operarios que desde a admi-

nistración local mosense levábase anos reclamando á Deputación de Pontevedra e que era enormemente necesario dado o alto volume de actividade do GES de Mos.

A vivenda encabeza a suba anual das licenzas urbanísticas en Mos

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o concelleiro de Urbanismo, fixeron balance das licenzas tramitadas e concedidas en 2023, que foron un total de 663.

Destacaron a licenza de comunicación previa que pasou de 76 en 2022 a 102 en 2023, un incremento do 34%. Entre as obras menores o maior crecemento produciuse no acondicionamento de vivendas, que pasou de 31 licenzas en 2022 a 46 en 2023, rexistrándose así unha porcentaxe de incremento do 48%. No caso das obras maiores as que máis creceron foron as de parcelación pasando de 4 en 2022 a 12 en 2023, supoñendo un incremento do 200%; e as de demolición pasando de 3 en 2022 a 8 en 2023, supoñendo unha suba do 170% máis.

Por outra banda, o Deputado



Provincial de Acción Comunitaria e Equipamentos Públicos, Javier Tourís, ofreceu unha xuntanza informativa sobre os Plans de Acción Comunitaria e +AQUA dirixidos aos colectivos veciñais e comunidades de usuarios de augas, que foi celebrada onte no Centro Dotacional de Torroso.

O plan permitirá que as asociacións de veciños, confedera-

cións, federacións, unións ou asociacións de mulleres rurais con domicilio fiscal na provincia se beneficien de contías que abranquen entre os 6.000 e os 10.000 euros para adquirir equipamentos. O prazo para solicitar as axudas do Plan Provincia Comunitaria remata o 29 de febreiro e as obras deberán estar rematadas en novembro.

Renovada a iluminación do Campo de Fútbol de Cototorrón



Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira mosense de Deportes, Feli Rodríguez, visitaron os recentemente rematados traballos de renovación do alumeadado no Campo de Fútbol do Club Louro Tameiga en Cototorrón. Durante a visita estiveron acompañadas polo presidente da entidade deportiva local, Patricio Farrapeira. Os devanditos traballos con-

sistiron na instalación de 4 torres con 9 proxectores de 300 W cada unha e unha potencia instalada de 2.700 W, o que supón un total de 10.800 W. Para a acometida dos mesmos o Concello contou con subvención da Presidencia da Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Cooperación, e con cargo á Liña 1 do Plan Concellos, dun total de 32.829,72 euros.

BNG Mos esixe a participación veciñal nos plenos

portavoz nacionalista no Concello, Gustavo Barcia presentará unha moción no pleno municipal pedindo a participación veciñal nos plenos porque considera que "é necesario modificar o actual regulamento do pleno" para facilitar as intervencións "non só das persoas que desexen intervir a título individual, senón tamén das distintas asociacións veciñais, culturais ou sectoriais rexistradas no concello".

O texto da proposta contempla que "as asociacións rexistradas no concello poidan presentar e defender directamente ante a

corporación iniciativas ou mocións" e tamén "que unha veciña ou veciño de Mos poida intervir no pleno para facer preguntas ou peticións". No pleno do Concello xa se rexistraron, puntualmente, intervencións de persoas alleas á corporación municipal. Gustavo Barcia lembra que un representante da Asociación de Empresarios de Mos (AEMOS) tivo a oportunidade de intervir, convidado polo PP, nun debate sobre o solo industrial de monte Faquiña, "pero a alcaldesa negoulle a palabra, nese mesmo pleno, a un representante da Comunidade de Montes de Tameiga".

¡PROMOCIONES DE REAPERTURA!

AXA PORRIÑO - Rúa O Pinar, 13, Bajo, Porriño

986 331 410

633 601 257

segurosbugarin@gmail.com

Tu aseguradora de confianza en Porriño

GA

ORGASERCO, S.L.

ORGANIZACIÓN E ASesoramento DE EMPRESAS

José Abrales Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abrales@orgaserco.es

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Plan Concellos acondicionará o espazo do Carreiro do Rollo

As obras de posta en valor do Carreiro do Rollo enfrontan xa a súa última fase, aproveitando o bo tempo para a colocación do adoquín que cubrirá todo o espazo. O Concello quere deste xeito poñer en valor un espazo que alberga unha parte da historia de Salceda, pois con toda probabilidade o nome do "Rollo" proveña da existencia nesa zona dun "rolo xurisdiccional".

O "rolo" era unha columna de pedra rematada por unha bola ou unha cruz, e que só se instalaba nos señoríos con plena xurisdicción. Servía de ameaza coercitiva aos vasalos ou forasteiros, e nalgúns lugares tamén cumpría as funcións de axustizamentos para ser expostos os "delinquentes" a pública vergoña. O Decreto das Cortes de Cádiz de 26 de maio de 1813 mandou destruír todos eses rolos por consideralos signos de vasalaxe e "un recordo contínuo de humillación". Sen embargo en



Salceda houbo outro rolo que non foi derruído incumprindo ese decreto, e que aínda hoxe en día se conserva no alto da Casa Grande da Picoña.

O proxecto de urbanización do Camiño do Rollo suporá a recuperación para as persoas dun espazo ata o de agora degradado, en pleno casco urbano de Salceda, e que aínda no seu estado era empregado por multitude de veciñanza como sendeiro peonil para acceder dende a rúa do Rollo

ata Victoriano Pérez Vidal. O espazo seguirá a ser de uso peonil, e incluírá a creación dunha pequena praza central para uso e disfrute da veciñanza. O proxecto suporá ademais acabar con posibles problemas de salubridade na contorna, ademais de incluír a recollida de pluviais que tamén xeraba inconvenientes na zona. A financiación está incluída dentro do Plan Concellos 2023 da Deputación de Pontevedra con 121.115,19€.

Libros viaxeiros na Devesa

Logo da excelente acollida que tivo a primeira "Casiña de Libros Viaxeiros" situada no parque da Devesa, xa está en funcionamento a do Parque da Gándara. As normas de uso son levar un libro, deixar outro no seu sitio, intercambiar os libros tantas veces queiras e tratar os textos con respecto.



Arrinca "Salceda Activa"

O Concello en colaboración con AFAGA (Asociación de Familias de Persoas Enfermas de Alzheimer e outras demencias de Galicia) vai desenvolver unha nova edición dos programas "Cultiva a mente" e "Estimulación cognitiva" no Centro Neuroactivo que se atopa na parroquia de San Xurxo para maiores de 55 anos.

Este mes de febreiro arranca o novo curso onde as persoas que asistan realizarán actividades de memoria, lóxica, planificación, orientación espazo-temporal ou organización, da man dunha psicóloga especializada na preven-

ción, identificación e tratamento das enfermidades neurodixenativas.

Nesta nova edición 45 veciños e veciñas poderán participar no programa "cultiva a mente", 15 máis que no curso 2023. Febreiro será tamén o mes no que comencen os talleres de "estimulación cognitiva" e de uso de móbil e outros dispositivos como smartpho- ne, aplicacións útiles para a vida cotiá, gafas de realidade virtual, bolígrafo 3D e internet para as persoas maiores de 55 anos. Estes realizaranse no Centro Social A Devesa en colaboración coa Xunta de Galicia.

Goberno Municipal apela á "prudencia e rigor" no tema do catastro

O Goberno Municipal do Concello de Salceda amosou a súa posición ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o tema do Catastro. Indicou que non recibiu comunicación algunha por parte do Ministerio de Hacienda, da Dirección Xeral de Catastro nin do TSX sobre a sentenza en cuestión.

Lembrou tamén que en 2016, Movemento Salceda tentou solucionar o problema da revisión ca-

tastral coa aprobación dun PXOM que, nese momento, foi "tumbado" polo PP e PSOE. Considerou igualmente como "falsas e alarmistas" as declaracións de PVC sobre o risco que corren as 115 licencias de obra concedidas dende a entrada en vigor da Lei do Solo, máis as 44 pendentes de concesión, que non serían posibles se se aplica a sentenza á totalidade das parcelas.

Do mesmo xeito saiu ao paso considerando como "irresponsa-

bles" as declaracións do concelleiro do BNG, Tano Castro, igualmente representante tamén da Plataforma Veciñal contra o Catastro, de que a sentenza do TSXG anula a revisión catastral. "Tampouco é certo que calquera persoa poida solicitar a devolución dos seus pagos de IBI" indica o Concello "respecta absolutamente as decisións da Xustiza, e actuará en consecuencia no momento que teña que facelo"

A alcaldesa cos pilotos



Alcaldesa Loli Castiñeira reuniuse cos pilotos salcedenses Jorge Pérez e Marcos González, para falar da

tempada do Rally, proxectos, posibles colaboracións e coñecer a actualidade do mundo do motor en Salceda.

FIORITO'S
Repostería Creativa

Mónica Fiorito - 699 67 41 03. Avda de Galicia, 19, baixo
hola@fiorito.es - www.fiorito.es SALCEDA DE CASELAS

La Campechana
CARNICERÍA

Servicio domicilio
Pedidos WhatsApp
986 347 168 627 310 629
Avda. Galicia Nº17 - 36.470 Salceda de Caselas

Pefuquería mixta
Cente Nova

Rafael Tilve Adrio, 7
Salceda de Caselas
TEL: 986 349 290

Rehabilitación do Convento de Santa Clara

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, e o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, asinaron un convenio de colaboración a través do cal o goberno autonómico comprométese apoiar economicamente o proxecto de rehabilitación do convento de Santa Clara a través dun orzamento de 1,7 millóns de euros.

Ademais do apoio económico, que se materializará nas anualidades do 2025 e 2026, o convenio recolle tamén a creación dunha comisión de seguimento con representantes de ambas as dúas institucións, así como o compromiso da Deputación e da Xunta para tramitar todos os instru-



mentos xurídicos precisos tanto para a reforma e conservación das infraestruturas, como para a colaboración económica. Este acordo estará vixente ata o 31 de decembro do 2026.

Por outra banda, Luís López,

presentou en FITUR 2024 en Madrid o proxecto Trazas de Pontevedra, unha ruta por 17 xacementos arqueolóxicos que permite descubrir o patrimonio castrexo e romano repartido por toda a provincia.

Programa "Provincia Activa" para o envellecemento activo

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra publicou este venres as bases do novo programa Provincia Activa que, cun orzamento de 146.000 euros, está destinado a favorecer o envellecemento activo das persoas maiores da provincia a través de obradoiros formativos.

As entidades interesadas en beneficiarse de Programa Activa poderán solicitalo entre o 29 de xaneiro e o 26 de febreiro. A través de Provincia Activa ofreceranse un total de 130 obradoiros cun máximo de 25 persoas e cada entidade solicitante poderá pedir un obradoiro entre os ofertados que, á súa vez, estarán enmarcados en seis temá-

ticas: "Benestar natural", "Saúde en movemento", "Emociónate", "Outra vida", "Con Ritmo" e "Re-deir@s".

Por outra banda, a Deputación de Pontevedra ofrece aos 46 concellos de menos de 20.000 habitantes adheridos ao CAAN (Centro de Acolida e Protección Animal de Armenteira) o servizo de esterilización de gatos procedentes de colonias felinas legalmente establecidas. O presidente da institución provincial, Luís López, informou que se remitirá unha carta aos alcaldes e alcaldesas informándolles deste novo servizo e do procedemento a seguir para poder solicitalo.

Redondela homenaxea as súas vítimas do campo de Mauthausen

O paseo da Xunqueira de Redondela, ás portas do Multiúsos, acolleu o acto de homenaxe aos veciños do municipio represaliados nos anos 40 e que acabaron no campo de concentración de Mauthausen. Antonio Piñeiro Otero, José González Vázquez e Olimpio Míguez Pazos foron asasinados neste campo de exterminio nazis, e Alejandro Lafuente Pose foi liberado polas tropas aliadas en maio de 1945.

O Concello de Redondela, en



colaboración co Colectivo Republicano, celebrou este acto coa presentación do libro da historiadora e escritora María Torres "De Redondela a Mauthausen" e a colocación de catro Stolperssteine, lastras da memoria, coas inscricións das catro vítimas redondelás. Este acto foi considerado como "histórico" tomando en conta que Redondela forma xa parte dos 27 lugares ó redor do mundo onde están colocadas máis de 100.000 pedras da memoria.

Museos de Pontevedra e do Prado fortalecen lazos

O vicepresidente da Deputación de Pontevedra e deputado delegado do Museo de Pontevedra, Rafa Domínguez, reuniuse co coordinador xeral de Conservación do Museo do Prado, Víctor Manuel Cageao, para fortalecer os lazos entre ambas institucións museísticas.

Neste sentido acordaron am-

pliar a exposición de obras como a de Eliseo Meifén, Oraciones (Pontevedra) dentro do programa Prado extendido iasí como pezas das coleccións do Museo do Prado que actualmente se encontran depositadas en Pontevedra. Tamén o interese manifestouse o interese en continuar mantendo a colaboración técnica en materia de conservación e restauración.

NUEVA PROMOCIÓN DE 40 VIVIENDAS EN LA ZONA ALTA DE PORRIÑO



PISOS DE 1, 2 Y 3 DORMITORIOS

inmonova

Telf. 647 420 321

Rúa Antonio Palacios, 40 - PORRIÑO
www.inmonova.es

0 Festival SonRías Baixas xa ten data

Do 1 ao 3 de agosto celebrarase en Bueu a edición 2024 cun cartel con atractivos como La Oreja de Van Gogh, Tanxugueiras, Rozalén, Ginebras, Álvaro de Luna ou Rayden. Tamén destaca a presenza dos principais nomes da escena galega, como son Fillas de Cassandra, Mondra, Sabela ou The Rapants.

A todos estes nomes súmanse os de ChefSpecial, La La Love You, Anabel Lee, Cool Nenas, Em-lan, Gilipojazz, Inés Hernand, La Élite, Morochos, Mr. Kilombo,



Muerdo, Sexy Zebras e Travis Birds. mantendo así a tendencia do festival de ser un altafalante para

coñecer novas propostas musicais tamén nesta 21ª edición. Xa están dispoñibles os abonos.

Abel Caballero defenderá en Braga o AVE Oporto-Vigo

O presidente do PSdeG e Alcalde de Vigo indicou que, ante a estratexia do PP de Galicia e de "Rueda sempre contra Vigo", levará a súa férrea defensa da conexión ferroviaria Lisboa- Oporto-Vigo a un acto de campaña organizado na localidade portuguesa de Braga co número 3 do Partido Socialista de Portugal.

Acompañado polos candidatos Leticia Gallego e Carlos López Font, censurou a "desvergoña" e o "descaro político" do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, por non defender os intereses de Vigo, e manterse "calado, coa ca-



beza agachada e obediente" ante a reivindicación da Alcaldesa madrileña Isabel Díaz Ayuso, e do

alcalde conservador de Lisboa, de fixar como prioridade a conexión por tren entre Lisboa e Madrid.

"Escolas de Fronteiras" une a centros de Portugal e o Sur de Galicia



A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta de Galicia, Judith Fernández, reuniuse con representantes dos seis centros educativos que participan no novo programa Escolas de fronteira, a través do que a Xunta promove as competencias bilingües e interculturais entre centros, docentes e alumnos de Galicia e Portugal.

Neste primeiro curso, participan na iniciativa un total de seis centros que implementaron nos pasados anos accións con centros portugueses. Trátase

dos colexios CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón (Salvaterra do Miño), CEIP Plurilingüe Nº1 de Tui, CEIP Rosalía de Castro (Xinzo de Limia), CEIP Carlos Casares (Xinzo de Limia), CEIP Princesa de España (Verín) e CEIP Plurilingüe Amaro Refojo (Verín).

"Escolas de Fronteira" busca promover actividades culturais e pedagóxicas, así como a promoción da identidade común dos pobos galego e portugués dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

A GALIZA QUE QUERES



Agora!

**ANA PONTÓN
PRESIDENTA**